



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

GALICIA
LABORAL**LOITA**
polo TEU
ÚNETE

ISSN 1989-3299

Nº 888 Semana do 17 ó 23 de xaneiro de 2022

UGT-GALICIA CELEBRA ESTE MÉRCORES O SEU COMITÉ NACIONAL EN SANTIAGO

Redacción.- O vindeiro mércores, día 26, UGT-Galicia celebrará en Santiago o seu primeiro Comité Nacional tras o 13º Congreso do Sindicato.

Lembrar que o Comité Nacional é o máximo órgano de dirección do Sindicato entre congresos e forman parte do mesmo a Comisión Executiva de UGT-Galicia e unha representación das federacións de nacionalidade, UGT Servizos Públicos, FeSMC e FICA, e das unións comarcais, Coruña-Cee, Ferrol, Compostela-Barbanza, Lugo-Lemos-Costa, Ourense-Valdeorras-Verín, Pontevedra-

Arousa-Deza e Vigo.

Neste Comité, que arrancará a primeira hora da mañá en Santiago, analizarase a situación socioeconómica e laboral de Galicia e faranse propostas ó respecto; poñeranse enriba da mesa os sectores e empresas que están a atravesar dificultades para que as federacións correspondentes fagan as súas análises e

achegas; e tamén se realizará unha avaliación da actual situación da negociación colectiva e as perspectivas de cara ós vindeiros meses.



OS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DA CONSERVA VAN Á FOLGA HOXE E OS DÍAS 3 E 4 DE FEBREIRO POR UN CONVENIO DIGNO PARA O SECTOR

Os primeiros datos, apuntan a un seguimento que supera o 90%

Redacción.- Os traballadores e traballadoras da conserva de peixe abriron hoxe un calendario de mobilizacións, coa primeira xornada de folga, que terá continuidade os días 3 e 4 de febreiro.

As persoas traballadoras do sector demandan un convenio colectivo que garanta o mantemento do poder adquisitivo, que os salarios recollan unha mellora acorde coa suba dos prezos durante a vixencia do convenio, cunha cláusula de revisión que, ademais, equipare o traballo que realizan as mulleres e os homes, acabando dunha vez por todas coa discriminación salarial existen no sector.

UGT FICA mantén a convocatoria dos tres días de folga porque o intento de mediación que tivo lugar o pasado luns no SIMA acabou cun acta de desacordo.

A pesar de que na xuntanza se recoñeceron os avances rexistrados nos últimos tres meses de negociación do convenio en materias como faltas e cualificación das mesmas;



protocolo de acoso; ou recoñecementos médicos en horas de traballo, foi imposible avanzar en aspectos como a cuarta quenda e a oferta económica, reivindicacións esenciais para os 30.000 traballadores e traballadoras do sector.

En Galicia este convenio afecta a preto de 8.000 traballadores e tra-

balladoras e a federación organizou os pasados días 14 e 17 sendas asembleas nas sedes de Coruña, Vigo e Pontevedra (venres) e Santiago e Barbanza (luns) onde os responsables da federación e do sector lles explicaron ós traballadores e traballadoras a situación das negociacións e as demandas que se poñen enriba da mesa.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

AS RÚAS DA CORUÑA ACOLLERON O XOVES POLA TARDE UNHA GRAN MANIFESTACIÓN EN DEMANDA DUNHA SANIDADE PÚBLICA DE CALIDADE E CON MEDIOS SUFICIENTES

Redacción.- Este xoves, a última hora da tarde, as rúas da Coruña acolleron unha manifestación, convocada pola Comisión de centro do CHUAC, na que miles de persoas beraron por unha sanidade pública de calidade, con medios suficientes e condicións laborais dignas para os traballadores e traballadoras, o que pasa por incrementar os cadros de persoal en todos os niveis, tanto en atención primaria como nos centros hospitalarios.

Os representantes da Comisión de centro do CHUAC, da que UGT Servizos Públicos forma parte, afirman que a hora dos aplausos rematou e que chegou o momento de dotar ós centros de máis persoal, que se cubran as vacantes e que se remate xa dunha vez co déficit histórico de persoal que se ven acumulando e que a pandemia fixo moi evidente.

Denunciaron situacións como as instalacións de urxencias saturadas, pasillos ateiga-

dos, o que resulta denigrante tanto para os doentes como para os traballadores. De feito, semanalmente xa se veñen realizando concentracións fronte ás portas de urxencias do CHUAC para denunciar esta situación.

Durante os momentos máis críticos da pandemia os traballadores e traballadoras fixeron un sobre esforzo, dobrando quendas, renunciando ó desfrute de licenzas... pero chegou o momento de dotar dunha organización seria e eficaz ós centros que pasa, ineludiblemente, pola dotación de máis persoal, porque sen traballadores non hai sanidade e sen persoal córese risco vital.



OS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DE DALPHIMETAL RECLAMAN UN CONVENIO XUSTO QUE GARANTA O PODER ADQUISITIVO E QUE RESOLVA A BRECHA SALARIAL DO DEPARTAMENTO DE PRODUCCIÓN

Redacción.- Os traballadores e traballadoras de Dalphimetal Vigo, empresa da automoción pertencente ó grupo ZF, manifestáronse este mércores ás portas da factoría para esixir á dirección que se tome en serio o proceso negociador do convenio colectivo, que xa está a ser demasiado longo e infrutuoso. A presidenta do Comité de empresa, Susana Falque (UGT), explicou que levan sen convenio dende comezos do ano 2020 e que a dirección da empresa afirma querer negociar pero na práctica amósanse totalmente intransixentes. Ademais, mostran desidia polo feito de levar xa mes e medio sen sentarse a negociar cos traballadores.

Os dous principais puntos de fricción son os incrementos salariais e a brecha salarial que soporta o persoal da planta de produción, de 1.110 euros ó ano, con respecto ó persoal da área de desenvolvemento.

En materia salarial, a proposta da empresa é totalmente precaria e non fai máis que afondar na perda de poder adquisitivo que se vén arrastrando de convenios anteriores. Propoñen unha subida do 1% para o 2021, cando



o IPC acabou no 6,5%. Susana Falque avisa que, se a empresa non reacciona, as mobilizacións continuarán o próximo día 26 de xaneiro.

O SERVIZO DE LIMPEZA DO CHOP CONTINÚA CO SEU CALENDARIO DE MOBILIZACIÓNS PARA RECLAMAR CONDICIÓNS LABORAIS DIGNAS

Redacción.- Os traballadores e traballadoras do servizo de limpeza do CHOP volveron a concentrarse este martes ás portas do hospital para demandar da empresa Acciona un convenio digno.

Primeiro, piden que se lles equipare ó grupo AP (persoal con contacto con doentes), xa que o persoal de limpeza ten que tocar todo o que está en contacto cos in-

gresados no centro sanitario.

Tamén demandan reforzos en cada unha das quendas polo incremento de carga de traballo que está a levar a situacións de estrés certamente preocupantes, sobre todo, nestes momentos de pandemia nos que as esixencias de limpeza e desinfección son moito maiores.



“NON ÓS RECORTES DO SERVIZO DE SEGURIDADE E VIXIANCIA NA FINCA DE LOURIZÁN E POR UNHA CONTRATACIÓN PÚBLICA RESPONSABLE”

Redacción.- Este martes FeSMC Pontevedra convocou de novo unha concentración fronte á sede da Xunta para demandar unha contratación pública responsable no servizo de vixilancia da Finca de Lourizán e que se lle poña fin xa ós recortes neste servizo.

Dende FeSMC ponse o foco tanto en Agacal, a Axencia Galega de Calidade Alimentaria, como na Consellería de Medio Rural e na Delegación da Xunta en Pontevedra.

Xa no mes de abril tívose que retirar o concurso deste servizo por non axustarse á Lei, sen que a Administración ofrecese solucións a día de hoxe.

Todo o contrario, a finais de 2021 publícase un novo concurso só para fins de semana ó que nin a empresa que o ten adxudicado se presenta. A única empresa que se presentou fixo unha oferta económica tan á baixa que, incluso, a mesa de contratación pediu aclaracións.

Isto leva a que o Sindicato teña que seguir demandando solucións a esta situación. Solucións que teñen que poñer fin ós recortes no servizo e garantir unha contratación pública responsable.



Lembrar que este servizo afecta ó Pazo de Lourizán, Xardín botánico, Centro de investigación forestal e a Escola de capataces.

UGT SERVICIOS PÚBLICOS DEMANDA NO SEU COMITÉ NACIONAL UNHA RECUPERACIÓN ECONÓMICA NA QUE SE REFORCEN OS SERVICIOS PÚBLICOS

Redacción.- UGT Servicios Públicos Galicia celebrou este mércores o seu Comité Nacional constituínte no que os seus membros analizaron a situación socioeconómica e laboral actual e tamén centraron a súa atención nos sectores que conforman a federación.

En termos xerais, os membros do Comité coincidiron en que agora toca abordar unha recuperación económica que non deixe a ninguén atrás e que garanta as medidas necesarias para reforzar os servizos públicos que tan necesarios se fixeron nesta pandemia e dos que quedaron tamén ó descuberto as súas maiores eivas.

Así, o 2022 deixa abertos importantes retos, aínda que o sanitario, indubidablemente, segue a ser o máis relevante. Non obstante, hai que atender tamén ós retos de aumentar a vacinación, a loita contra as desigualdades, a transición ecolóxica xusta, a cooperación para o desenvolvemento e a xestión adecuada dos fondos europeos, priorizando ás persoas máis vulnerables.

Concretamente, no eido das administracións públicas, hai que seguir traballando na negociación colectiva en todas as fronteiras que se propoñen pero, incidindo na redución da temporalidade. Para o que debe ser cumprido o compromiso coa negociación colectiva e o diálogo social que se deriva do Acordo do 5 de xullo de 2021.

Tamén hai que seguir traballando na mellora das condicións laborais e retributi-



vas das persoas traballadoras da función pública.

Por outra banda, no eido da negociación colectiva dos sectores públicos de xestión privada, UGT Servicios Públicos vai seguir apostando e traballando por garantir máis e mellor emprego, a recuperación de dereitos e melloras salariais.

No contexto deste Comité, tamén foron aprobadas tres resolucións de urxencia.

Unha relativa á dignificación da atención á dependencia, coa que existe unha débeda política e social.

Así, o Comité Nacional demandou diálogo social real a nivel estatal, de Galicia e dos concellos, no ámbito competencial de cada administración, para avanzar nun novo modelo de atención á dependencia tendente a considerar a xestión directa das residencias e servizos de axuda a domi-

lio; e a establecer unha nova regulación que garanta uns estándares de calidade de servizos ás persoas maiores e dependentes e de calidade laboral.

Outra das resolucións de urxencia aprobada denuncia o despedazamento de Correos e demándase un plan estratéxico pola salvagarda do servizo público postal, así como, implementar as medidas que sexan necesarias para garantir os dereitos laborais dos seus traballadores.

O reforzamento e fortalecemento da atención primaria e hospitalaria foi outra das demandas en torno á que xirou a terceira declaración de urxencia. Nesta resolución incídese en que o persoal segue sendo esencial e a cidadanía ten dereito a unha atención sanitaria plena e de calidade. Para elo, cómpre incidir na necesidade dunha mellor organización, en máis recursos humanos e materiais e mellores condicións laborais para os profesionais.

É IMPRESCINDIBLE IMPULSAR A DECLARACIÓN DAS ENFERMIDADES PROFESIONAIS PARA PROTEXER ÁS PERSOAS TRABALLADORAS

Redacción.- Os datos sobre enfermidades profesionais e patoloxías non traumáticas publicados polo Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, correspondentes ao ano 2021, mostran un total de 20.510 enfermidades declaradas, o que supón un aumento do 11,47% respecto a 2020, ano no que a declaración de enfermidades profesionais caeu en picado influído polo descenso da actividade empresarial provocado pola pandemia debida á COVID-19.

Moitas das actuais enfermidades relacionadas co traballo teñen unha orixe multicausal e non exclusivo do marco laboral, como é o caso dos cancros e as enfermidades cardiovasculares. Por iso, moitas enfermidades que teñen unha orixe laboral non son consideradas como tales. Un claro exemplo é a ausencia das patoloxías relacionadas cos riscos psicosociais no Cadro español de enfermidades profesionais. Pola contra, a OIT en 2010, si que incluía os trastornos mentais ou do comportamento na súa listaxe. Por iso, o sindicato reclama unha actualización da Listaxe de Enfermidades Profesionais.

Incluír a Covid-19 na listaxe de EEPP de España

Para UGT, é imprescindible que a COVID-19 sexa incluída na listaxe de enfermidades profesionais española dentro do Grupo 3 (causadas por axentes biolóxicos), en liña co establecido polo Marco Estratégico da UE en materia de saúde e seguridade no traballo 2021-2027, no que a Comisión Europea comprométese a actualizar a Recomendación relativa ás enfermidades profesionais para incluír a COVID-19.

Ademais, o sindicato considera que esta medida debe estenderse a outros colectivos de profesionais, xa que se están deixando desamparados a moitos traballadores e traballadoras expostos ao risco de contaxio por COVID-19.

Para UGT, no marco das negociacións da futura Estratexia Española de Seguridade e Saúde no Traballo 2022-2027, é fundamental, entre outras cuestións, unha revisión da lis-

taxe de enfermidades profesionais para dotala de perspectiva de xénero; establecer a periodicidade na que o cadro de enfermidades profesionais debe revisarse; reforzar o control da realización da vixilancia da saúde colectiva por parte dos servizos de prevención alleos, mancomunados ou propios, así como establecer criterios de calidade para a realización dos recoñecementos médicos de carácter individual para detectar posibles patoloxías derivadas do traballo; e, por último, protexer aos traballadores e traballadoras expostos a medicamentos perigosos, desenvolvendo protocolos de vixilancia da saúde para este tipo de risco laboral.



O TEU FUTURO LABORAL COMEZA AGORA

Curso gratuito e acreditable en competencias dixitais

Traballas e necesitas máis competencias dixitais? Conségueas con este curso en liña, gratuito e acreditable de UGT e relanza a túa carreira profesional.

#TrabajamosenDigital

Este curso darache as ferramentas para modernizarte e afrontar a nova realidade laboral.

Apúntate xa aquí!

<https://trabajamosendigitalugt.es/inscripciones>

Ou chama ó teléfono 692157393

TU FUTURO LABORAL COMIENZA AHORA

Curso gratuito y acreditable en competencias digitales.

Inscríbete en www.ugt.es
Tel. 692 15 73 93

INSCRÍBETE YA

#TrabajamosenDigital

Trabajamos en Digital, proyecto financiado por el Ministerio de Educación y Formación Profesional - Unión Europea - Next Generation



“MILES DE PERSOAS TRABALLADORAS PERDERÁN O AUMENTO DE SALARIO SE NON SE APROBA ESTA REFORMA LABORAL”

Redacción.- O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, interveu nun acto sobre a reforma laboral, organizado polo PSOE de Madrid, onde manifestou que “a reforma pactada é un acordo histórico imprescindible para o mantemento do Estado Social que devolve o equilibrio á negociación colectiva, toma medidas serias fronte á precariedade e avanza na construción dun modelo adecuado de iniciación para os mozos no mercado laboral”.

Pepe Álvarez lembrou que “a reforma de 2012 incrementou a precariedade, recortou salarios e aumentou a pobreza e a desigualdade e era necesario un cambio lexislativo que frease isto”. Por iso, insistiu en que “é fundamental que salga adiante debido a que, de non ser así, atoparíamónos ante un desastre social de graves consecuencias”.

“É momento de que as forzas políticas con sentido común arrimen o

ombreiro e non poñan obstáculos a unha reforma que, tal vez non conteña todo o necesario, pero si elementos imprescindibles para avanzar. Non podemos deteremos neste acordo porque hai cuestións que esta reforma non resolve”, destacou.

“Ademais, é esencial abordar cuestións como a regulación do despedimento colectivo, endurecendo a súa causalización e volvendo á autorización administrativa para evitar danos estratéxicos ao país como con Nissan ou Alcoa; a regulación adecuada dos mecanismos de axuste estrutural das empresas como o descolgue de convenios, a modificación substancial das condicións de traballo ou o desenvolvemento do Código do boleseiro previsto neste acordo para evitar situacións de verdadeira explotación”.

Un acordo que supón avances

Álvarez explicou que “a eliminación da ultraactividade era unha espada de Damocles sobre os negociadores e a erradicación da prioridade do convenio de empresa supón melloras claras nas condicións laborais. Tamén era fundamental tomar medidas como a eliminación do contrato por obra e servizo e o desenvolvemento dunha normativa máis restrictiva para o resto dos contratos temporais, así como o establecemento de medidas sancionadoras máis restrictivas (con multas de 1000 a 10.000 euros por contrato fraudulento, cuxa eficacia dependerá dos medios dunha Inspección de Traballo que hai que reforzar)”.

“Ademais”, resaltou, “avances como o contrato de formación e o contrato para a obtención da práctica profesional adecuada ao correspondente nivel de estudos, iso si, o reto será asegurar o cumprimento real desta normativa”, finalizou.

É IMPRESCINDIBLE AUMENTAR OS RECURSOS PERSOAIS NA LOITA CONTRA A FRAUDE FISCAL

Redacción.- A Plataforma pola Xustiza Fiscal, da que UGT forma parte, denuncia que o Goberno está a incumplir a Lei contra a Fraude Fiscal ao non poñer en marcha medidas para aumentar o persoal de inspección fiscal e acabar coa fraude de 80.000 millóns de euros no noso país

O 11 de xaneiro era a data acordada por lei para que o Ministerio de Facenda regulase as normas para iniciar o proceso de recuperación de persoal para achegarnos progresivamente á media europea, co fin reducir a fraude fiscal estimada en 80.000 millóns de euros. Con todo, a día de hoxe non se regulou nin publicou ningunha medida neste sentido. A Plataforma pola Xustiza Fiscal, unha alianza que engloba aos principais sindicatos e organizacións sociais do Estado, subliña que desta maneira España está a incumplir a lei. En concreto, na disposición adicional sexta da Lei 11/2021 Medidas de Prevención e Loita contra a Fraude Fiscal, do 9 de xullo pasado, establécese que o Goberno ditará no prazo de seis meses a normativa necesaria para que nun período de oito anos o cociente de persoal das administracións tributarias en relación co número de obrigados tributarios aproxímese á media europea.



Esta norma aprobouse no Congreso dos Deputados co apoio dunha inmensa maioría dos votos dos partidos de todo o arco parlamentario. É necesario lembrar que España ten unha fraude fiscal ao redor dos 80.000 millóns de euros. Ademais, o noso país é o penúltimo país dos 27 da Unión Europea (UE) con menor número de persoas traballando contra a fraude fiscal por cada 100.000 habitantes. Contamos cunhas 53 persoas fronte á media europea dunhas 86 persoas por cada 100.000 habitantes.

A Plataforma pola Xustiza Fiscal considera que se se quere loitar contra a gran fraude fiscal é indispensable contar cos recursos persoais necesarios canto antes, xa que o seguimento e a loita contra os grandes delinquentes fiscais, grandes empresas e grandes fortunas requiren dun enorme esforzo de investigación e seguimento, para o que hai que dispoñer de todos os medios necesarios.

Por iso, é imprescindible empezar de verdade a poñer medios para loitar contra a fraude.

UGT CONSIDERA INSUFICIENTE O BONO DIRIXIDO ÓS MOZOS APROBADO POLO GOBERNO

Redacción.- RUGE – Revolución Uxeista lamentase da gran oportunidade perdida para establecer unhas políticas de vivenda realmente innovadoras e valentes que acaben co problema do acceso á vivenda das persoas mozas. A organización do sindicato cre que o Executivo demostra estar afastado da realidade social, dado que un país cunha taxa de emancipación xuvenil do 14,9% non pode anunciar como medida estrela un bono que, no mellor dos casos, só beneficiaría a 70.000 persoas e que, tal e como está exposto, xera profundas dúbidas sobre a súa efectividade.

Para RUGE, os límites do prezo total da vivenda que se esixen para poder acceder á subvención estimula que o mercado se eleve, propiciando que parte dese bono de vivenda moza acabe no peto do arrendatario en lugar de ser un aforro real para a persoa nova. A organización sindical moza de UGT cre que estas axudas deben estimular a que os alugueiros freen a alza abusiva dos prezos, controlándoos cun límite de alugueiro que estea baseado nun tope

de euros por metro cadrado e acorde co prezo actual medio da zona.

Por tanto, para RUGE – UGT esta proposta parece unha cortina de fume para enmascarar un fracaso político como é o de non poder alcanzar unha lei de vivenda que responda ás necesidades vitais da sociedade e, especialmente, das persoas máis vulnerables. No caso da vivenda no noso país, tanto para a compra como para o alugueiro, requírese dunhas medidas restritivas que controlen a alza dos prezos desmesurados que se está producindo e se avance en poder ofrecer un parque de vivendas público a prezos moito máis axustados para garantir o dereito fundamental de acceso a unha vivenda digna.

Ademais dunha profunda reforma no mercado da vivenda do noso país e da maneira en que se debe xestionar ese



ben básico, o Goberno está na obriga- ción de avanzar cara un modelo produ- tivo e laboral que traia unha maior esta- bilidade e certeza ás persoas mozas traballadoras. Isto non só pasa por unha reforma laboral que atalle (parcialmente) a precariedade, senón que esixe que se inicie de maneira inminente un desen- volvemento profundo daqueles sectores estratéxicos necesarios que transformen o noso mercado produtivo e xeren em- pregos netos.

AS REXIÓNS ULTRAPERIFÉRICAS SON FUNDAMENTAIS PARA O CRECEMENTO DE EUROPA

Redacción.- A secretaria de Políticas Europeas de UGT, Mari Carmen Barrera, reclama aumentar o apoio para estas rexións, que “representan a Europa no mundo e ofrecen un espazo de progreso sen igual”.

Desta forma, durante a súa intervención no Pleno do Comité Económico e Social Europeo (CESAMENTO) lembrou “os considerables beneficios que as Rexións Ultraperiféricas (RUP) poden achegar ao futuro de Europa, constituíndoas como bancos de probas para promover o progreso a escala mundial (a autonomía alimentaria e enerxética de Europa, a transición verde, o turismo sostible, a inclusión social, a implicación das organizacións da sociedade civil, etc.).

Unhas rexións que “están adscritas a tres Estados membros e son nove: a Guayana Francesa, Guadalupe, Reunión, Mayotte, Martinica e San Martín (Francia), os Azores e Madeira (Portugal) e as Illas Canarias (España), con case cinco millóns de habitantes e que ofrecen a Europa un espazo marítimo que non ten rival en ningunha outra potencia”.

E que é necesario “apoiar, involucralas nas transicións climática, dixital e social, e

impulsar un proceso de recuperación que necesitan respectando as necesidades sociais, mantendo a equidade e o equilibrio rexional”.

Por iso, Mari Carmen Barrera reclamou que a Comisión “acelere a entrega nas RUP de proxectos europeos financiados pola UE que busquen identificar fontes de enerxía sostibles, alcanzables e xeradas localmente, co obxectivo de demostrar que son capaces de desenvolver sistemas baseados en enerxías renovables. É necesario garantir a aplicación da Directiva sobre enerxías renovables e a supresión do seu artigo 29.13, xa que a Unión Europea non pode subvencionar a transición enerxética das RUP mentres se segue contribuíndo á deforestación en países non pertencentes á UE”.

É imprescindible cubrir as necesidades destas rexións

A secretaria de Políticas Europeas de UGT enumerou as necesidades imperantes que necesitan estas rexións, centradas en:

- Potenciar o turismo nestas rexións para aumentar o seu desenvolvemento,

grazas aos seus múltiples efectos indirectos e o seu importante potencial de creación de emprego, especialmente para os mozos. O turismo sostible debe converterse na identidade das RUP”.

- Reducir a alta desigualdade que existe e reforzar a cohesión económica, social e territorial.

- Garantir un acceso xeneralizado e confiable á tecnoloxía dixital e o uso eficiente dos recursos asociados. As fendas dixitais preexistentes ampliáronse e profundouse na diferenza entre as persoas máis formadas, ou con maior poder adquisitivo, e o resto. Os empregos, a educación, a saúde e os servizos públicos sen dúbida dependerán cada vez máis das tecnoloxías dixitais. Hai que garantir o acceso á tecnoloxía dixital nas RUP.

- Desenvolver a investigación e a innovación, fundamentais para aproveitar todas as oportunidades que se derivan das características específicas das RUP, relacionadas cos océanos, os mares e os recursos mariños, xa que teñen un gran potencial para impulsar as economías, crear empregos de alta calidade e asegurar o benestar das persoas.